Ranunculus bulbosus aleae L., 1753

- herba belida, patelo, h. veluda, pé de galiña
- botón de oro, pie de gato, ranúnculo tuberoso
- urrebotoia
- botó d'or, queixals de diable
- creeping buttercup
- botão d'ouro bulboso



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ranunculales**	**Ranunculaceae**	***Ranunculus***

ORIXE

Rexión mediterránea.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea, perenne e veluda, que acada entre os 20 e 60 cm de altura. A base do talo é inchada, cunha forma de bulbo ou cormo. A miúdo a raíz é grosa e tuberosa. Follas basais con pecíolos longos e follas divididas en tres lóbulos ou folíolos dentados. Follas caulinares moito máis pequenas e con segmentos máis estreitos, case sen pecíolo. Flores de cor amarela brillante, con 5-7 pétalos. O cáliz ten 5 sépalos de cor amarela verdosa e peludos na face exterior.

HÁBITAT

Prados, cunetas, claros de bosques e solos húmidos. Prefire os solos alcalinos.

DISTRIBUCIÓN

Rexión mediterránea, habitando prados húmidos de montaña entre os 500 e 2500 metros de altitude.

CURIOSIDADES

Antigamente, os mendigos europeos explotaban a toxina irritante e velenosa da planta frotandoa sobre a pel para autoinflinxirse chagas abertas, co fin de espertar compaixón e esmola.